


ORGANIZA:



Concello de Cospeito

Cospeito

Arranca que
volvemos!

25-26
ABRIL
2026



XXXV FEIRA DA
MAQUINARIA USADA
E ARTESANÍA XIX FEIRA
DE ANTIGÜIDADES

Anticuarios de toda Galicia!



V FESTA DA MÚSICA

Domingo ás 13.30 h. na Praza da feira

Organiza:



Colabora:



Saúda do Alcalde

Hai feiras que son encontro e hai feiras que son memoria viva. A nosa **Feira da Maquinaria Usada, Artesanía e Antigüidades** é, sen dúbida, ambas cousas: un lugar onde o tempo semella deterse por un intre para lembrarnos quen somos e de onde vimos.

Nesta 35ª edición, Cospeito volve latexar con esa forza fonda que nace da terra e da xente. Como nos versos que falan dunha Galicia eterna e íntima, aquí cada peza, cada ferramenta, cada obxeto antigo garda unha historia, unha man que traballou, unha vida que deixou pegada.

Nun mundo que corre axiña, este espazo convidanos a deter os paso e escoitar o eco das xeracións que nos precederon, facendo bo aquilo de que **“somos memoria que camiña”**.

A feira é tamén futuro: é o reencontro co oficio, coa creación artesá, co valor das cousas feitas con tempo e coidado.

Ese futuro pasa, evidentemente, polas tecnoloxías de vangarda representadas no importante papel dos utensilios e maquinaria nova, símbolo dun rural que innova e que mira o horizonte con determinación e esperanza, pero quero aquí salienta a relevancia da maquinaria usada, embrión das orixes desta feira, e que contribúe significativamente ao desenvolvemento sostible e á economía circular.

Xunto a todo isto, a música - coa celebración da **5ª edición da Festa da Música** - encherá Cospeito de son e emoción. E, como non podía ser doutro xeito, a boa gastronomía porá sabor á experiencia e así, desfrutar deste pracer sinxelo de sentar arredor da mesa, onde tamén se constrúe comunidade e identidade.

Quero expresar o meu máis fondo agradecemento a todas as persoas e entidades que fan posible este encontro, voluntarios, expositores e visitantes. Gracias a todos, Cospeito converterase na **última fin de semana de Abril (25 e 26)**, nun fogar aberto, nunha páxina viva onde se escribe, ano tras ano, unha historia compartida.

Convido a toda a veciñanza e a quen nos visita, a deixar que esta feira lles fale, a percorrela con ollos curiosos e alma atenta e a levar consigo non só lembranzas, senón tamén emocións.

Que esta **35ª edición** sexa, máis que nunca, **unha celebración da nosa identidade e un abrazo cara ao futuro**.
Con todo o meu afecto

Armando Castosa Alvariño
Alcalde - Presidente do Concello de Cospeito

Programa de Actos

VENRES 24

· *Entrada de Expositores de Maquinaria de Artesanía no Recinto Feiral ata as 10 da noite.*

SÁBADO 25

- *Ás 10:00 h.: Acto de apertura do recinto feiral.*
- *Ás 10:30 h.: Apertura do Pavillón Municipal de Deportes, cunha ampla e variada Exposición de anticuarios.*
- *Ás 11:00 h.: Presentación de Maquinaria.*
- *Ás 11:30 h.: Recepción de autoridades.*
- *Ás 12:00 h.: Inauguración oficial da feira.*
- *Ás 12:15 h.: Visita de Autoridades ó recinto feiral.*
- *Ás 20:30 h.: Peche do recinto feiral.*

DOMINGO 26

- *Ás 9:00 H.: Apertura de recinto feiral.*
- *Ás 20:30 h.: Peche do recinto e clausura da XXXV Feira da Maquinaria Usada e Artesanía.*

Actividades Culturais

V FESTA DA MÚSCIA

Sábado 25

De 12:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:00h.

Pasarrúas a cargo de: Asubiños da Chaira e Charanga DGT

De 19:30 a 22:00 h.

Cantos de Taberna polos Bares.

Domingo 26

A partir das 13:00 h. V FESTA DA MÚSCIA

· *Actuarán Asubios da Chaira e Asociación Cultural Buxainas de Cedeira.*

